



Revista Galega de Economía

ISSN: 1132-2799

mcarmen.guisan@gmail.com

Universidade de Santiago de Compostela  
España

VÁZQUEZ AÑEL, ILDA; ARAÚJO VILA, NOELIA  
TURISMO LITERARIO EN OURENSE: SITUACIÓN EN 2015 E PERSPECTIVAS  
Revista Galega de Economía, vol. 25, núm. 1, 2016, pp. 87-108  
Universidade de Santiago de Compostela  
Santiago de Compostela, España

Disponível em: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=39146518007>

- Como citar este artigo
- Número completo
- Mais artigos
- Home da revista no Redalyc

redalyc.org

Sistema de Informação Científica  
Rede de Revistas Científicas da América Latina, Caribe, Espanha e Portugal  
Projeto acadêmico sem fins lucrativos desenvolvido no âmbito da iniciativa Acesso Aberto

**TURISMO LITERARIO EN OURENSE: SITUACIÓN EN 2015 E PERSPECTIVAS**

ILDA VÁZQUEZ AÑEL

UNIVERSIDADE DE VIGO, [ildavazq@gmail.com](mailto:ildavazq@gmail.com)

NOELIA ARAÚJO VILA

UNIVERSIDADE DE VIGO, FACULTADE DE CC EMPRESARIAIS E TURISMO, AS LAGOAS,  
32004, OURENSE, [naraujo@uvigo.es](mailto:naraujo@uvigo.es)**Resumo**

Os principais autores da literatura galega naceron en Ourense e moitos dos escenarios nos que se desenvolven as súas obras sitúanse nesa terra. Actualmente, os organismos de turismo consideran que o turismo literario é un novo nicho de mercado. Neste artigo, establécese, en primeiro lugar, un marco teórico no que se definen os conceptos que existen sobre o turismo e o patrimonio literario. A continuación, tras realizar unha análise cualitativa vía entrevistas en profundidade, móstranse os recursos da provincia, cales se están a utilizar a nivel turístico, cales non e os que poderían incluírse nunha adecuada planificación turística. O propósito é o de verificar se a provincia de Ourense conta cos recursos necesarios como para chegar a se converter nun destino de turismo literario de referencia. Finalmente, sinálanse as conclusións que podemos tirar deste labor de investigación.

**Palabras clave:** Turismo literario / Ourense / Rutas literarias / Patrimonio literario.

**LITERARY TOURISM IN OURENSE\*****Abstract**

The main authors of Galician literature were born in Ourense and many of the scenarios that their works were developed are in this land. Currently, tourism agencies consider the literary tourism is a new niche. In this article, establishing, first, a theoretical framework in which the concepts that exist on tourism and literary heritage are defined. Then, after making a qualitative analysis via interviews, the resources of the province, which are being used at tourist level, which are not shown and could be included in a proper tourism planning. The purpose is to verify whether the province of Ourense has the necessary resources to become a destination for literary tourism reference. Finally, the conclusions from this research are identified.

**Key words:** Literary tourism / Ourense / Literary tours / Literary heritage.

**1. Introducción**

De Ourense son algúns dos escritores máis importantes da literatura galega do século XIX e XX, aqueles que recuperan a esencia de Galicia cando máis esquecida estaba. Son estes autores os que tecen, palabra a palabra, a imaxe consolidada da vella Auria, da urbe que no seu momento se coñeceu como a Atenas galega.

Tampouco se debe esquecer que en Galicia naceu Camilo José Cela, premio Nobel de literatura, e que o galego foi a lingua literaria da Península Ibérica na época medieval. Mostra dese pasado glorioso son os “Cancioneiros” que se conservan ou as *Cantigas de Santa María* que se compuxeron na corte de Afonso X O Sabio.

Hoxe en día, a literatura galega conta cunha meirande presenza no mercado nacional e internacional grazas ao papel das traducións, feito que nos permite chegar a un maior público. Dentro do ámbito literario, cómpre destacar o interese que pode espertar a literatura nunha lingua minorizada.

O certo é que o turismo literario é un fenómeno que ten máis de dous séculos de historia, aínda que foi nas últimas décadas cando coñeceu un notable crecemento (Arana Palacios,

---

\* Agradecementos: Os expertos consultados das institucións que figuran na Táboa A1 do Anexo.

2013, p. 22) e se converteu nun fenómeno de importancia comercial, que é obvio a pesar da falta de evidencia estatística (Hoppen, 2011, p. 72).

O novedoso nestes momentos é que os concellos, as deputacións, os departamentos de cultura, os ministerios, así como diferentes empresas privadas, descubriron que estas viaxes poden ser de interese para un tipo de turista e estanas a potenciar. Escríbense libros que recompilan rutas literarias e aparecen artigos en revistas especializadas. Iso vén unido a outro fenómeno que tamén é novo: cada vez hai máis lectores desexosos de prolongar o pracer da lectura con actividades que van máis alá do libro (Arana Palacios, 2013, p. 23).

Partindo do fenómeno do turismo literario, neste artigo analízase un destino que, a priori, mostra potencial, Ourense, que como xa se citou anteriormente conta con escritores de renome. O obxectivo é coñecer a súa situación e recursos e verificar se pode chegar a se converter nun referente do turismo literario.

Para isto, nos Anexos 1 e 2, realízase primeiro unha revisión teórica dos conceptos de turismo literario e patrimonio literario. Na sección 2 detállase o obxectivo e metodoloxía. A continuación, na sección 3, detállase a investigación cualitativa que se levou a cabo no destino obxecto de estudo, vía entrevistas en profundidade. Por último, na sección 4, recóllense as conclusións que tiramos deste labor de investigación. Inclúese tamén un Anexo 3, mencionando os expertos consultados, e un Anexo 4 sobre a evolución do turismo nas comarcas de Galicia e Ourense e a importancia do seu impacto positivo sobre a poboación e o emprego

## 2. Obxectivo e metodoloxía

O obxecto de estudo céntrase en analizar os recursos literarios/patrimonio literario da provincia de Ourense, ademais de analizar a oferta real de produtos de turismo literario da provincia para verificar se esta pode chegar a se converter nun destino de turismo literario de referencia.

Para conseguir este obxectivo, fíxose unha investigación cualitativa. Aconséllase utilizar a vía cualitativa nunha situación coma esta porque non hai suficiente información histórica que documente a investigación proposta xa que se trata dun estudo sobre a posibilidade dun produto turístico novo (Sierra López, 2011).

A investigación cualitativa ten unha finalidade descritiva dos fenómenos de interese ou previsoros dos fenómenos turísticos, dos comportamentos humanos e a súa relación co turismo (Sierra López, 2011).

O esquema de traballo que se utiliza xeralmente neste tipo de métodos segue as liñas seguintes:

a) Traballo de campo: inclúe estudo de casos, observacións etc.

b) Técnicas de entrevista, que constan das seguintes fases: selección dos expertos, presentación das preguntas, recollida das respostas, obtención dos resultados.

Neste caso, utilízase a entrevista semiestruturada como técnica de recolección de datos. Dado que a entrevista é unha técnica que pode xerar unha gran cantidade de datos, optouse por unha entrevista semiestruturada, xa que a pesar de que é máis rixida que unha non estruturada, permite obter resposta a uns ítems concretos e realizar comparacións entre as diferentes respostas (Malhotra, 1997; Miquel *et al.*, 1997).

O guión da entrevista semiestruturada presenta 16 ítems que versan sobre os seguintes criterios: recursos, oferta, produto, sinalización, promoción, mapas literarios, novas tecnoloxías e colaboración con institucións públicas/privadas. Leváronse a cabo 10 entrevistas e a data de realización comprendeu o período de outubro 2014 – maio 2015.

Táboa 1.-Entrevistados

Código	Profesión	Ruta / Fundación	Lugar
E1	-Guía turístico	-Concello (A esmorga -Ruta Literaria Específica)	-Ourense
E2	-Docente	-A esmorga -Carlos Casares	-Ourense
E3	-Guía turístico	-Empresa Visit Ourense	-Ourense
E4	-Docente	-Fundación Vicente Risco	-Allariz
E5	-Docente	-Fundación Otero Pedrayo	-Amoeiro
E6	-Axente emprego UNED	-Graham Greene	-Ribadavia
E7	-Técnico cultural	-Fundación Curros Enríquez -Poemas na rúa	-Celanova
E8	-Inspector educación	-Escritores da Limia	-A Limia
E9	-Xornalista	-Ruta Romasanta	-Macizo Central
E10	-Técnica cultural	-Fundação Eça de Queiroz	-Tormes (Portugal)

### 3. Resultados

En primeiro lugar, elaboráronse unha serie de preguntas que teñen como base as rutas literarias que hai na provincia de Ourense para así coñecer as súas orixes, finalidades que perseguen, público ao que se destinan, sinalización e promoción. O seguinte grupo de cuestións tratan de averiguar cales son as relacións que se establecen entre as fundacións ou asociacións culturais que promoven estas rutas co sector turístico e a súa colaboración coas institucións públicas/privadas. Por último, hai un apartado que pretende coñecer a situación actual do turismo literario na provincia, que proxectos se poden desenvolver nun futuro e cales serían os camiños que se deberían seguir.

#### 3.1.- Características das rutas literarias da provincia

Para analizar as rutas literarias, tal e como se explicou no epígrafe anterior, formuláronse un total de 7 preguntas que se presentan a seguir.

Táboa 2.- Características das rutas literarias

1. Cando se crea esta ruta literaria?
2. Cada canto tempo se organiza?
3. Con que finalidade deciden crear esta ruta literaria?
4. En que público estaban a pensar cando a elaboraron (escolares, universitarios, turistas, público local...)?
5. A ruta literaria está convenientemente sinalizada (carteis, placas, mapas...)? É de fácil acceso? Ofrece información clara ao turista que pretenda facer ese percorrido?
6. Empregan as novas tecnoloxías (código QR, guía en PDF, audioguía, aplicación para o móbil...) para mellorar a ruta e facela máis visible ao público?
7. Existe unha promoción oficial desa ruta literaria dende o Concello, Deputación ou Xunta? Contan cunha guía oficial, mapa literario ou páxina web da ruta?

Das respostas obtidas, obsérvase que a maioría das rutas literarias da provincia son de creación recente. A máis antiga é a *Ruta Literaria Específica*, un percorrido polas placas que lembran as casas dos escritores que naceron ou residiron na cidade de Ourense e que

xorde en 1997 (a Oficina Municipal de Turismo créase en 1996). Nese mesmo ano, colócanse as placas da Ruta da Esmorga, ruta que tamén pasa a incluírse na oferta do Concello a partir de 1998. Máis recentes son os proxectos de Celanova: a *Ruta Currosiana* nace en 2006 e *Poemas na Rúa*, en 2012 (inaugúrase en 2013). No ano 2006 créase a *Ruta Romasanta* polos concellos de Vilar de Barrio, Laza, Montederramo e Maceda. A *Ruta Otero Pedrayo* xorde en 2011, aínda que se facía esporadicamente dende 2002. En 2012, a UNED organiza a *Ruta Graham Greene*, aínda que a primeira experiencia data do ano 2008. En 2007, promóvese un proxecto de cooperación transfronteiriza para achegar as culturas galegas e portuguesas que dá lugar aos *Espazos Literarios da Limia*, baseados fundamentalmente nas figuras de Antón Tovar, Carlos Casares e Antón Riveiro Coello.

No caso da *Ruta Literaria Específica* do Concello de Ourense, José Ramón Gómez (E1) sinala que a ruta faise todo o ano. Actualmente, realízase cos grupos escolares ou protocolarios que fan unha solicitude oficial ao concello. Dado que un dos primeiros grupos que a solicitaban era o profesorado dos cursos de iniciación e perfeccionamento de galego, como actividade complementaria, dende a oficina de turismo acordaron crear unha ruta específica para este colectivo. Como a temática tamén era axeitada para os escolares, a Área de Educación do Concello decidiu incluíla no seu programa de visitas didácticas (E1). Esta ruta literaria non ten sinalización porque aproveita as placas existentes que lembran o vínculo entre personaxe e edificio. En Ourense hai cerca de medio centenar destas placas (Casado Nieto, 1990, p. 167), pero non hai unha guía oficial que as sitúe, só un pequeno tríptico sobre a celebración das Letras Galegas e os autores ourensáns. Tampouco se empregan as novas tecnoloxías para promocionala polo que carece de guía en PDF, audioguía, APP ou web propia. Dispón dun mapa literario que se comparte co folleto informativo da Ruta da Esmorga. Pola contra, a ruta si conta cun guía oficial, o único do Concello, pero o percorrido ofrécese dende o ámbito educativo ao público escolar, carecendo dunha promoción turística relevante (E1).

No que respecta á *Ruta da Esmorga*, "cada año, desde 1997, algunos ourensanos recorren aquellos escenarios de la ciudad por los que transitaron Cibrán, O Bocas y O Milhomes"<sup>1</sup>. Os espazos xeográficos que percorren os protagonistas (...) sitúanse no que daquela era o Ourense suburbial, entrando na parte fidalga e burguesa de xeito ocasional (Ourense Cultura, 2015). Para recordar estes espazos, en 1997, o Clube Cultural Alexandre Bóveda en colaboración coa Concellaría de Cultura colocaron unha serie de placas recordando os principais escenarios da novela (Ourense, 2014). A partir de 1998 a Oficina Municipal de Turismo xa incluíu este itinerario. Ao igual que coa Ruta Literaria Específica, a da Esmorga faise todo o ano con grupos escolares ou protocolarios (E1). Este itinerario foi unha continuación do anterior, aproveitando a colocación das placas existentes. Do mesmo xeito, o público inicial no que se pensou foron os escolares e o alumnado de cursos de galego (E1). Como xa se dixo, o itinerario da Esmorga ten un percorrido de placas que está apoiado nun folleto que se pode descargar dende a páxina do Concello en PDF, con información sobre a ruta e un mapa (E1). Xunto ao documento en PDF, na oficina de turismo pódese adquirir un tríptico no que se sinala o percorrido polas rúas da cidade. Non hai unha promoción específica dende o punto de vista turístico porque, ao igual que a anterior, encádrase dentro do programa "Coñece a túa cidade" da Área de Educación (E1). Hoxe en día, a ruta volve estar de actualidade grazas á película de Ignacio Villar. Tamén se desenvolveu unha APP que permite "unha visita autoguiada por ese roteiro, vendo as placas, lembrando no camiño algúns fragmentos do libro, saboreando a súa lingua arcaica e complexa, e comentando a historia dos lugares recreados nos que suceden as cousas" (Rutea, 2014). Esta ruta naceu coa intención de facer unha homenaxe dinámica a Blanco

<sup>1</sup> Xornal La Región con data 16/06/2009.

Amor, pero tamén para potenciar a idea de Ourense como cidade literaria, ademais de fomentar un recurso cultural e turístico de combinación (E2).

Na cidade está a empresa Visit Ourense. Dende ela, Rosa Dorado (E3), guía turística que deseñou a *Rota dos Escritores en Portugal*, promociona as *Rutas da Esmorga e a Literaria Específica*, pero, ademais, conta con iniciativas propias artelladas en paquetes turísticos. Oferta unha ruta de dous días que pasa polas fundacións da provincia e por Ourense cidade. A ruta pódese facer tamén nun día, pero sen visitar as vilas e lugares do contorno. Amais, elaborou unha ruta por Galicia de seis días na que se visitan outras vilas e cidades literarias. A súa intención é a de ampliar a oferta, xa que está a traballar nun itinerario maior (catorce días) completado coa literatura en Portugal. O público ao que vai dirixido é un público internacional ou nacional moi especializado (E3).

No xeodestino Allariz, dende a Fundación Vicente Risco existe a intención de dinamizar a vida cultural da vila con diferentes iniciativas. Outras actividades procuran o contacto co norte de Portugal, como o proxecto “Cultura que Une” coa vila lusa de Amarante. A Fundación conta co apoio de diversas institucións públicas, pero tamén dispón de mecenas entre as empresas privadas e, especialmente, os negocios da vila de Allariz (E4).

Por outra banda, o INORDE (Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico) propón a *Ruta Afonso X* que, en realidade, non está vinculada á literatura a pesar de levar o nome do rei Sabio (Turismo Ourense, 2012). Nela, menciónase a figura de Manuel Romasanta, personaxe sobre o que investigou Vicente Risco. A súa historia foi novelada por Alfredo Conde, levada ao cine e conta con estudos dende diversos ámbitos. Pepe Domínguez escribiu un libro sobre o tema e desenvolveu unha ruta que se promove dende a Aldea Rural Couso-Galán. O itinerario transcorre polo Macizo Central, na serra de San Mamede.

No xeodestino do Ribeiro atópanse as *Rutas Otero Pedrayo e Graham Greene*. Di Marcos Valcárcel (1995, p. 68) que “son varios os escritores ourensáns sobre os que se poderían artellar rutas literarias, pero sobre todos eles destaca de forma moi notable un dos nosos grandes escritores, gran viaxeiro e intérprete magnífico da paisaxe galega: don Ramón Otero Pedrayo. (...) Contamos neste caso, como sucedeu con Rosalía, cun núcleo central que serve de orixe e remate da citada ruta: o pazo de Trasalba, verdadeiro monumento cultural cargado de obxectos e elementos simbólicos do mundo oteriano”.

*Ruta Otero Pedrayo*: En Trasalba, atópase a Casa-Museo de Otero Pedrayo onde o patriarca das letras galegas pasou longas temporadas. A ruta oteriana foi organizada pola profesora Arias Chachero (autora do libro *Trasalba, terra literaria*) xunto con Susana Reborada e Susana González<sup>2</sup>. O itinerario créase en 2011, aínda que levaba facéndose de maneira esporádica desde o 2002. Realízase como mínimo unha vez ao ano e sempre que un grupo o suficientemente grande o demande na Fundación Otero Pedrayo (E5). A iniciativa abre un proxecto da Fundación que pretende dar a coñecer a obra de Otero, achegar a obra do escritor aos estudantes e ao público e aproximar a literatura dunha maneira lúdica a aquelas persoas que poidan estar interesadas, aínda que nun primeiro momento, a ruta xorde pensando no alumnado de ensino medio (E5). O itinerario non conta con sinalización, pero, en 2011, a Fundación Otero Pedrayo editou un coidado libro que inclúe un mapa que permite seguir a ruta e, actualmetne, barállase a posibilidade de desenvolve-la nunha App. A única promoción é dende a Fundación, xa que, en xeral, non contan co apoio de institucións para a súa difusión (agás o Concello de Amoeiro cando se organiza a ruta) (E5).

A *Ruta Graham Greene* foi estreada en 2008 por un grupo de 18 persoas chegadas do

---

<sup>2</sup> Xornal La Región con data 06/10/2013.

Canadá por unha iniciativa do Colectivo Ridimoas<sup>3</sup>. En 2012, o itinerario pasa a formar parte dunha actividade puntual que desenvolve a UNED para dar a coñecer a figura deste escritor e a súa presenza na comarca do Ribeiro, O Carballiño e mosteiro de Oseira. Na súa creación, pensouse en dirixila aos universitarios, turistas e público en xeral (E6). O itinerario carece de sinalización, non emprega as novas tecnoloxías e non conta con promoción oficial que axude a facela visible. A ruta faise de xeito moi esporádico e, basicamente, é o Colectivo Ridimoas o encargado de proporcionar a información de xeito persoal a quen a solicita (E6). O percorrido pasa polos lugares que inspiraron a obra *Monseñor Quixote* e por unha adegas das Regadas (Beade) onde o autor pasou oito veráns ata as rúas de Mouriscados (Avión), ademais do mosteiro de Oseira, lugar onde durmía e no que un cuarto foi bautizado co seu nome hai algúns anos<sup>4</sup>.

No xeodestino Celanova-Limia, céntrase a maior actividade de turismo literario da provincia. Dende a Fundación Curros Enríquez desenvólvense proxectos como a *Ruta Currosiana* ou *Poemas na Rúa*. A *Ruta Currosiana* xorde en 2006 e *Poemas na Rúa*, en 2012, con motivo do “I Centenario do Nacemento de Celso Emilio Ferreiro”, aínda que é inaugurada o 4 de xaneiro de 2013, data de finalización dos actos do Centenario (E7).

A *Ruta Currosiana* está a libre disposición ata 2010 con posibilidade de solicitar un guía da Fundación para a súa realización. Estaba sinalizada con carteis ata ese ano cando, por mor das obras pola creación da estrada AG-31, parte do percorrido se viu afectado. Actualmente, está en traballo de redeseño o itinerario polo que aínda non está sinalizada. O acceso era fácil e, despois das obras, tomáronse medidas para facilitar a súa reconfiguración ata o punto de que, debido a unha alegación realizada pola Fundación, foi incorporado ao proxecto unha pasarela peonil que a atravesa. A información nova está por elaborar, pero na web da Fundación aínda está dispoñible o antigo mapa da ruta (E7).

Pola contra, *Poemas na Rúa* atópase no núcleo urbano da vila e pódese solicitar un guía da Fundación Curros Enríquez para realizala, aínda que está convenientemente sinalizada xa que cada panel inclúe un mapa do percorrido con indicacións. Consta de 14 paneis de cristal tépedo nos que se poden ler partes de poemas alusivos á zona onde se achan colocados. Hai versos de Curros Enríquez, de Castor Elices, de Celso Emilio Ferreiro, tamén de Pepe Velo, Castor Méndez Brandón e José Benito Buylla<sup>5</sup>.

As dúas rutas créanse co fin de difundir a obra de Manuel Curros Enríquez por unha banda e, por outra, a dos poetas de Celanova, homenaxear a Celso Emilio Ferreiro con ocasión do primeiro centenario do seu nacemento, contribuír a promover o turismo literario pola vila e facerlle ver ao visitante a presenza que a literatura en xeral e a poesía en particular teñen na identificación exterior de Celanova (E7). A Ruta Currosiana faise pensando no público en xeral porque é de curta distancia, aínda que se promoveu inicialmente entre escolares. Poemas na Rúa está pensada para turistas e público local. A oferta de guía dirixese a escolares e grupos principalmente (E7). Polo de agora, ningunha conta con códigos QR por causa da carencia presupostaria. Si existe unha guía literaria non específica das rutas (*Guía literaria de Celanova*, 2007) na que se recolle información sobre elas. Amais, contan cunha publicación específica para o público escolar: *Os calderetas descubren a poesía en Celanova*. A Ruta Currosiana contaba con promoción ata 2010 por parte do Concello a través da súa web. Poemas na Rúa non conta, actualmente, con promoción oficial, é dicir, non se teñen feito campañas publicitarias ou plans de comunicación, pero si se divulga a información sobre elas. De feito, a páxina do Concello

<sup>3</sup> Xornal Faro de Vigo con data 26/06/2008.

<sup>4</sup> Xornal Faro de Vigo con data 26/06/2008.

<sup>5</sup> Xornal La Voz de Galicia con data 04/01/2013.

ten un apartado dirixido á “Celanova Literaria” que serve de enlace á web da Casa dos Poetas (E7).

No caso da *Ruta Romasanta*, esta vincúlase á unha longa tradición literaria que vai dende a obra de Vicente Risco ata a de Alfredo Conde. O itinerario nace coa idea de difundir tanto a lenda do lobishome Manuel Blanco Romasanta, como os valores paisaxísticos e etnográficos do Macizo Central na vertente da serra de San Mamede. A ruta desévolvese, sobre todo, nos meses de verán e atrae a un turista case sempre alleo a Galicia e case nunca vinculado ao ambiente académico/escolar (E9). Para realizala, é preciso contar coa axuda dun guía porque non está sinalizada. A isto súmase o feito de que é un itinerario amplo que atravesa certas dificultades xeográficas. Non se emprega ningunha tecnoloxía nin existe colaboración cos concellos polos que transcorre a ruta (Vilar de Barrio, Laza, Montederramo e Laza) nin coa Deputación de Ourense. Tampouco conta con promoción ou publicidade, aínda que se oferta dende a web da aldea rural Couso-Galán (E9).

No caso dos *Espazos Literarios da Limia*, consérvanse só os folletos informativos creados para esta iniciativa e o artigo de Delfín Caseiro (E8) na revista *Lethes* (“A Limia: os lugares da fantasía”) xa que a actividade non tivo continuidade. Este itinerario rememora a cidade de Antioquía, o exército do Rei Artur ou a infortunada Inés de Castro. A ruta percorre, entre outros, os lugares de Vilar de Santos, A Pereira, O Furriolo, Rairiz de Veiga e Xinzo.

### 3.2.- Colaboración das Fundacións coas institucións e outras asociacións

O *Plan Nacional e Integral del Turismo 2012–2015* advirte que, para ser competitivo, o turismo de interior debe poñer en valor “*experiencias diferenciadas*” baseadas na calidade e no patrimonio cultural. Debe procurar un turismo baseado en microespazos, no patrimonio territorial (Pillet Capdepón, 2014). As rutas literarias teñen a capacidade de apoiar as actividades turísticas locais e non locais de xeito sustentable e en formas que satisfagan as demandas do novo turista (Carson, Hawkes, Gislason e Martin, 2013, p. 17).

É importante que, dende a Administración, se subliñe o valor social do patrimonio cultural literario para favorecer a súa protección e fomentar o seu uso e gozo polos visitantes. Debe procurarse que sexa posible organizar estratexias para o desenvolvemento dunha oferta turística cultural que, nuns casos, se sume a outras facetas xa traballadas no destino, complementando outras modalidades de oferta turística ou abra un novo campo de acción para o territorio implicado con esta visión de turismo cultural (Magadán e Rivas, 2011). O turismo literario debe ser un ingrediente esencial de plans de desenvolvemento e dinamización turística como estratexia de diversificación, prevención, innovación, confirmación, financeira e sociedemográfica (Magadán e Rivas, 2011, p. 18). De aí a importancia desta segunda parte, na que se dan conta das colaboracións que hai entre os diferentes entes e as fundacións ou asociacións que desenvolven estas rutas literarias.

Táboa 3.-Colaboración con institucións públicas e privadas

8. Que papel desempeñan as institucións públicas á hora de axudar a elaborar estas actividades? Inclúense de xeito oficial na planificación turística/cultural do Concello?
9. Cal é a oferta real de turismo literario que existe no seu concello ou no espazo no que vostede coñece? De que xeito se promociona? Pensa que é suficiente?
10. Hai na súa zona un produto turístico conformado que se poida chegar a promocionar ou comercializar en portais oficiais de turismo como Turgalicia?
11. Establecen algún tipo de colaboración con outras asociacións culturais ou fundacións para promocionar a ruta? Existe algún tipo de colaboración co sector turístico (hoteis, casas rurais, restaurantes, empresas de ocio...)?

Os entrevistados E1, E2 e E3 responden que as rutas de Ourense cidade están incluídas na planificación da Área de Educación, polo que existe un maior apoio dende o ámbito



cultural e educativo que dende o especificamente turístico.

En canto a promoción, salientase que, dende a Oficina Municipal de Turismo, “se informa a todo aquel que estea interesado nestas rutas” (E1). Por parte dos entrevistados E1, E2 e E3, recoñécese que hai vontade de introducir melloras no apartado turístico, pero que carecen dos medios persoais adecuados.

Aínda que todos os entrevistados asumen que non hai un produto de turismo literario como tal, coinciden en que si existe potencialidade para elaborar un posible paquete literario porque, nun radio próximo, pódese artellar unha ruta turístico-literaria. Estase a falar da cidade (como lugar onde viviron moitos dos escritores e escenario de varias novelas, non só *A Esmorga* que é a obra fundamental), de Celanova (Curros, Celso Emilio, Casa dos Poetas...), de Allariz (Fundación Vicente Risco) e de Trasalba (Pazo Otero Pedrayo). No produto “Ourense Cidade Literaria” a peza fundamental debería ser o Roteiro da Esmorga. A cidade sería o centro de recepción a partir do cal se artellarían diferentes rutas como a da Xeración Nós que se prolongaría ata Allariz e Trasalba.

Ata o momento, non existe ningún produto elaborado, aínda que si hai colaboración entre as casas-museo e infórmase das actividades que realizan uns e outros. Por outra banda, a difusión desta información redúcese ao reparto de folletíns aos turistas na oficina do concello ou nas propias fundacións, pero non se fai política de promoción fóra dese ámbito nin se aproveitan as novas tecnoloxías, agás en casos puntuais (App Ruta da Esmorga).

En Allariz (E4), ante a inexistencia de redes de traballo coa cidade, estanse a realizar estudos para posibles colaboracións co norte de Portugal, en concreto coa empresa Ponto por Ponto que xa desenvolveu a Rota dos Escritores. Autores como Eça de Queiroz, Teixeira de Pascoas, Miguel de Torga e Camilo Castelo Branco son os protagonistas desta ruta que percorre as terras de Trás-os-Montes e as casas-museo destes ilustres portugueses. Ademais, a Fundación difunde as actividades a través da súa web e redes sociais.

En Trasalba, só existe colaboración co Concello de Amoeiro cando se realiza o roteiro anual. Na páxina do Concello aparece un enlace á web da Fundación Otero Pedrayo. O itinerario é un descoñecido para o gran público xa que soamente se achegan a el os escolares. De feito, non existe colaboración de ningún tipo co sector turístico agás as conexións e intercambios de información coas outras grandes fundacións ourensás. Amais do seu espazo web, a Fundación ten presenza nas redes sociais a través de Facebook (E5).

Nunha situación semellante está a Ruta Graham Greene (E6) xa que a única asociación que se dedica a ela é Ridimoas, asociación cultural e ecoloxista que non garda relación coas demais casas de escritores. Neste caso non existe colaboración ou promoción da ruta, polo que o seu coñecemento limítase ao público que pode atraer Ridimoas.

En peor lugar se atopan os Espazos Literarios da Limia (E8), inactivos ante a falta de continuación e promoción, a pesar de que no seu momento estaban dentro do programa da Unión Europea Interreg III A de Cooperación Transfronteiriza.

Algo similar ocorre coa Ruta Romasanta (E9) onde se destaca que o papel das institucións é nulo e mesmo se dubida de que a súa presenza poida ser positiva para o proxecto. Por outra banda, neste caso si existen colaboracións con establecementos privados de hostalería, especialmente rural, da zona e da comarca da Limia.

En Celanova (E7), o proxecto Poemas na Rúa contou co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, especialmente no económico. A ruta ofértase xunto co resto de actividades da Fundación Curros Enríquez a través da oficina de turismo.

A Fundación dá a posibilidade de realizar os percorridos guiados previa solicitude e estanse a promover principalmente entre escolares e de adultos. En 2014 foron 36 grupos escolares os que realizaron parte deste percorrido guiado (ofrécese parte do percorrido

adaptado ao nivel escolar) sendo un total de 1.589 os alumnos atendidos. Este itinerario adaptado promóvese dentro dun programa escolar denominado “Ven coñecer a Celanova de Curros e Celso Emilio” que inclúe as visitas guiadas á Casa dos Poetas, ao Mosteiro de San Rosendo, a Vilanova dos Infantes e ao xacemento arqueolóxico de Castromao, o que incide en que o turismo escolar atárase a través do turismo literario nestes casos (E7).

Estas actividades ofrécense a grupos de adultos en distintos paquetes. “Celanova: pedra e poesía” inclúe as visitas á Casa dos Poetas e ao Mosteiro de Celanova ademais dun percorrido polas rúas con explicacións sobre a incidencia da literatura na vila. “Celanova: un paseo pola historia de Galicia” é o mesmo programa que o escolar só que se ofrece en dúas versións: media xornada ou xornada enteira e na que cada grupo escolle as actividades a realizar (E7).

A promoción que se realiza é a través de información enviada aos centros de ensino e grupos que se poñen en contacto para a realización dunha visita. A Fundación conta cunha páxina propia e publica información nas redes sociais (Facebook, Tuenti, Twitter), ademais de enviar notas de prensa aos medios (E7).

Considérase que unha mostra da promoción realizada son os datos da Fundación Curros Enríquez en 2014 cun total de 10.021 persoas que foron atendidas nas diversas actividades, visitas ou espazos por persoal desta entidade (E7).

A Fundación está a aberta a calquera tipo de colaboración e os programas que oferta promoven o consumo na vila, aínda que non hai un acordo de colaboración específico con ningún establecemento. Neste aspecto, é importante lembrar que os recursos literarios locais permitiron a moitas comunidades desenvolver o turismo para subsidiar ou reempazar a diminución dos sectores tradicionais, ou para diversificar as actividades turísticas existentes (Yiannakis e Davies, 2011, p. 3).

Por iso, resulta interesante a información que proporciona E10 dende o *Plano de Actividades e Orçamento 2015* da Fundação Eça de Queiroz. Nese documento, vese que existen tres áreas de intervención que abranguen o sector cultural/administrativo, o turístico e o agrícola. A Fundação Eça de Queiroz non se limita a ser un espazo museístico, senón que dispón dun proxecto turístico e agrícola como soporte económico. No sector turístico, a FEQ conta co Restaurante de Tormes que “*representa um importante contributo para a promoção da gastronomia queirosiana, bem como para o desenvolvimento turístico da região*” (FEQ, 2015). O restaurante realiza diversas actividades como son “*jantares temáticos; workshops de cozinha (...); tertúlias com recriação de passagens da obra queirosiana; entre outros*” (FEQ, 2015).

Outro proxecto turístico é o “*Caminho de Jacinto*”, ruta xa coñecida que pretende facer unha “*acção de promoção do mesmo junto de associações de pedestrianismo e grupos de caminheiros*” (FEQ, 2015). Ademais, a FEQ conta cunha actividade agrícola de “*parceria estabelecida com a Quinta & Casa das Hortas, para a exploração do sector agrícola da Fundação e para a comercialização e promoção do Vinho Tormes*” (FEQ, 2015). A FEQ dispón de casas de turismo rural que serven de aloxamento para os participantes nas actividades culturais, ademais de adegas e viña. Todo isto permite que a FEQ capte “*receitas próprias*” que serven “*de suporte às actividades culturais*” (FEQ, 2015), algo que non existe no caso das Fundacións ourensás que dependen maiormente das axudas económicas que reciben e non dos beneficios que poidan xerar.

Por outra banda, a FEQ contempla no seu *Plan* un punto sobre a comunicación. Con el “*pretende-se tornar a comunicação mais eficaz e conseguir que a Fundação Eça de Queiroz seja uma instituição com repercussão a nível nacional*” (FEQ, 2015). Cómpre destacar de novo, que a importancia deste aspecto é algo que se obvia nas fundacións ourensás.

### 3.3.- Situación actual e futuro do turismo literario

Hai case tres décadas, Ferrín defendeu na revista *Planos* a xerarquía de Ourense como a cidade galega máis ficcionada da nosa literatura, argumento que recolleu máis tarde o historiador Marcos Valcárcel para poñer sobre o papel un extenso nomenclátor de escritores que decidiron localizar as súas historias nese núcleo urbano (Ameixeiras, 2014).

“Poucos lugares hai no mundo, (...) onde nunha distancia non maior de setenta metros conviviran as biografías de personaxes da talla de Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Florentino Cuevillas, Eduardo Blanco Amor ou don Xoaquín Lorenzo. Entre a rúa da Paz, a praza do Ferro e a Barreira, alí onde naceu Bóveda, temos un itinerario cultural cargado de significados e simbolismos, patrimonio da Galiza toda, a mellor herdanza duns tempos que nunca volverán” (Valcárcel, 2004, p. 1).

En cambio, no *Plan Estratégico y de Competitividad Turística de la Ciudad de Ourense de 2009* non se fai ningunha referencia a este feito. Débese lembrar que para comezar a traballar sobre turismo literario, é fundamental que exista un inventario exhaustivo do patrimonio turístico literario que recolla información detallada de cada recurso. Pero isto está pendente de facer en Ourense. De aí o interese en coñecer que recursos existen, se realmente se quere artellar un proxecto de turismo literario que funcione e que sirva de modelo.

Táboa 4.-Outros recursos e a viabilidade do turismo literario

12. Cal cre que é a situación actual do turismo literario en Galicia e en Ourense?
13. Que outras rutas literarias (ou lugares literarios) coñece na provincia de Ourense? Cre que se poderían elaborar máis?
14. Ademais da ruta ou fundación na que vostede está a traballar ou colaborar, coñece a existencia doutros recursos (casas de escritores, fundacións, autores ou obras relacionados coa cidade/vila...) que se poderían incluír nun futuro proxecto de turismo literario para a súa provincia/concello?
15. Considera que o turismo literario pode ser unha boa alternativa económica para a provincia/concello? Que medidas cre que se deberían tomar para artellalo correctamente?
16. Por último, desexa facer algún comentario máis respecto aos recursos literarios, rutas literarias e/ou turismo literario?

Os entrevistados sinalan a importancia de Ourense, Allariz, Trasalba e Celanova como núcleos do turismo literario. Destácase que hai organismos que están a traballar neste tema e outros que promoven actividades de futuro, como a Fundación Auria Nós que pretende recuperar as casas de Otero Pedrayo e Risco. Pero moitas destas actividades baséanse no voluntarismo das asociacións e profesorado. Hai moita riqueza, pero mal explotada, desaproveitada e mal xestionada (E1, E2).

Existen potencialidades históricas, xeográficas e mesmo temáticas que teñen moito percorrido e que son complementarias con outros valores turísticos. Un exemplo é o Itinerario do Rexurdimento no que levan tempo traballando a Fundación Curros Enríquez, a Fundación Pondal e a Fundación Rosalía de Castro.

No caso do concello de Ourense, estanse a desenvolver outros proxectos como o *Roteiro Carlos Casares* que xa está elaborado e pendente de concreción física (E2). Consta de 19 paradas e recrea, a través de textos literarios, momentos significativos na biografía do homenaxeado relacionados coa cidade. O mundo literario de Casares está profundamente vencellado a Ourense e algunhas zonas da provincia, principalmente a Limia e o Ribeiro (Editorial Galaxia, 2014). A ruta está en proxecto polo que carece da promoción turística adecuada. Prevese que conte con web propia, códigos QR para escoitar a voz do autor e placas identificativas (E2).

Outros proxectos que se están a desenvolver son unha App que permita realizar unha visita autoguiada ao cemiterio de San Francisco onde están enterrados algúns dos escritores máis ilustres da nosa literatura (E2). Este camposanto é o prototipo de cemiterio romántico (...), todo un cemiterio de película que reflicte a puxanza da burguesía ourensá do século XIX con tumbas como as de Vicente Risco, Otero Pedrayo, Blanco Amor, Ben-Cho-Sei, Florentino Cuevillas ou José Ángel Valente (El blog de Karkallón, 2011).

Ourense cidade tamén conta cun *Roteiro das Esculturas Urbanas* no que aparecen os monumentos dedicados a escritores como o Padre Feijoo, Ferro Couselo, Castelao, Blanco Amor, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas, José Ángel Valente, Ramón Cabanillas, Valle-Inclán e unha última homenaxe á Xeración Nós (Ourense Cultura, 2015). Precisamente, destacan que sobre a Xeración Nós cómpre artellar unha ruta específica que permita poñer en valor o patrimonio literario tan importante que conserva a cidade. Os dous entrevistados coinciden en que primeiro hai que consolidar os lugares que xa teñen unha forte presenza literaria, antes de crear novos produtos (E1, E2).

En Celanova, a Fundación Curros Enríquez presentoulle á Secretaría Xeral de Cultura un proxecto de colaboración e traballo entre determinadas casas-museo de Galicia que está en fase de valoración da súa viabilidade institucional e económica (E7).

No Ribeiro están as casas do poeta Xose Carlos Gómez Alfaro e do promotor cultural Rubén García (E6). Proponse tamén un itinerario sobre Vicente Risco e recuperar o que xa se fixo sobre os escritores da Limia (E7).

Sinálase que se poden definir máis proxectos, pero o problema non está tanto no seu deseño, senón na súa conservación e, sobre todo, na súa promoción para que teñan continuidade no tempo e non se queden nunha novidade que pasa a un estado de latencia ao día seguinte da inauguración (E7).

Se se pensa no futuro, destácase que o turismo monumental, turismo termal e turismo gastronómico son os tres eixos sobre os que debe traballar a provincia. Pero hai moitas temáticas que poden complementarse co turismo en Ourense, sobre todo no turismo de proximidade. Talvez o turismo literario non xere o movemento de masas que ten a obra de Joyce, pero si pode complementar a activade turística (E1).

Considérase que o turismo cultural-lúdico termal e enolóxico pode ser unha alternativa interesante para o desenvolvemento económico local. Para conseguilo, necesítase unha integración activa de recursos, por exemplo, co Parque Arqueolóxico de San Cibrán de Las ou de Castromao ou de *Aquis Querquennis* e Santa Comba, con Celanova etc. Por outra parte, isto é algo que se fai dende os centros escolares, pero que non se artella como actividades para adultos (E2).

O turismo literario, xunto ou vinculado ao denominado turismo etnográfico, podería chegar a constituír un eixo de desenvolvemento de parte dos concellos da provincia. Saliéntase que Ourense está chego de historias por coñecer e, sobre todo, por situar nos seus espazos naturais (E9).

En cando ás medidas, sinálase que se debe partir dunha coordinación para crear e sinalizar este novo produto e, a partir de aí, promocionalo. É unha cuestión complexa que precisaría seguir a liña de ideas, iniciativas e proxectos. Cómpre unha planificación centralizada deste turismo e unha coordinación estable entre as fundacións máis activas (E1).

Os entrevistados están convencidos de que o turismo literario pode ser unha importante fonte de ingresos. Hai que dinamizar as rutas contando con establecementos hostaleiros da contorna, promocionar a zona e a riqueza cultural dos concellos. Proponse concienciar as institucións, empresas e centros educativos do potencial literario que hai. Para conseguilo, coinciden en que se deben unir sinerxías entre localidades, entidades e

institucións a través, nalgúns casos, da propia relación que mantiveron en vida os escritores e outras potencialidades e traballar no ámbito da comunicación e da difusión exterior destas casas e fundacións, sempre en rede e nunca de xeito illado (E6).

Por último, sinálase que para fomentar o turismo literario, hai que fomentar a lectura e coñecemento dos autores e das súas obras, pois dificilmente pode resultar atractivo un itinerario literario relacionado cunha obra determinada se non se coñece previamente a obra na que se basea (E7). Aínda así, destácase que hai visitantes que executan unha ruta literaria sen nunca ter lido a obra que a sustenta. A influencia da obra literaria tanto pode xurdir antes como durante a viaxe (Frieza *et al.*, 2007, p. 10).

### 3.4.- Outros recursos

Xunto aos elementos citados anteriormente, hai outros menos coñecidos. Así, están os fondos que se gardan na Biblioteca da Deputación e no Arquivo Diocesano, xa que o *Misal Auriense* (primeiro libro impreso en Galicia, en Monterrei en 1494) permanece custodiado na Catedral de Ourense, oculto ao gran público. Outra xoia é o *Breviarius Auriensis*, manuscrito do século XIII. Estase perante dous libros litúrxicos, en sintonía co *Códice Calixtino*, que forman parte dunha selección dos arquivos diocesanos de toda Galicia<sup>6</sup>.

Inclúese a ruta de Filomena Dato Muruais como unha iniciativa puntual. O Círculo Poético Ourensán estreábaa no ano 2009. Os lugares máis emblemáticos da vida e obra desta escritora referente da literatura feminina e feminista galega do século XIX convértense en paradas obrigatorias deste roteiro<sup>7</sup>.

A cidade de Ourense conta con obras nas que é protagonista, como a antoloxía poética de Marcos Valcárcel *Ourense, craro río, verde val. A cidade na voz dos seus poetas*. No prólogo do libro, di Alonso Montero que “esta colectánea poética funcionará, sen dúbida, nas mans dos visitantes e turistas, como unha guía literaria da cidade, máis viva e cálida que as páxinas de tantas guías eruditas” (2001).

No que respecta á literatura contemporánea, hai autores como José Antonio Sánchez Adalid, Miguel Anxo Fernández, José Antonio Vázquez Taín, Diego Ameixeiras, Uxía Casal, Bieito Iglesias, Xosé María Pérez (Chesi) que sitúan en Ourense as súas obras e cos que se poderían traballar novas rutas ou actividades. Por outra banda, cómpre lembrar iniciativas que se desenvolveron na cidade como o Encontro Internacional de Poesía, que promove o Círculo Poético Orensano, a Feira do Libro, a Semana de Literatura Histórica en 2010 ou as actividades de Galeusca en Allariz en 2004 sobre “A cidade e a palabra”.

No Carballiño, na Ínsua dos Poetas celébrase a Festa da Palabra que organiza, baixo a coordinación de Luís González Tosar e Xabier Castro Martínez, a Fundación que leva o nome deste lugar (Criticalia, 2014).

Na obra *Trasalba, terra literaria* cítanse outros espazos literarios como a casa natal do Padre Feijoo (en Melias) ou a de Eladio Rodríguez, autor do *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* que naceu en San Clodio, concello de Leiro (USC, 2001). Destácase o pazo de Banga, onde Emilia Pardo Bazán pasou longas temporadas, ou o pazo de Moldes, de Antón Losada Diéguez. Deste último, di a concelleira de cultura de Boborás que “no pazo hai moita documentación da Xeración Nós, e mesmo cartas inéditas como as dirixidas por Castelao a Antón Losada<sup>8</sup>”. Actualmente acolle a Fundación Antón Losada.

No xeodestino Manzaneda-Trevinca está a tumba de Florencio Delgado Gurriarán, en Vilamartín de Valdeorras, ademais da casa natal en Córghomo (Concello do Barco, 98). Nas terras de Valdeorras consérvanse as casas de Valentín Paz Andrade (San Miguel de Outeiro), da académica da RAE Elena Quiroga (Casa Grande de Viloira), de Lauro Olmo

<sup>6</sup> Xornal Faro de Vigo con data 28/08/2012.

<sup>7</sup> Xornal La Región con data 11/12/2009.

<sup>8</sup> Xornal La Región con data 08/06/2012.

(Rúa Real, O Barco) e Manuel Luís Acuña (Sobrado, Trives), persoeiro sobre o que se celebra un congreso na Pobra de Trives.

Pola Ribeira Sacra, pódese visitar a casa de Vicente Risco, en Castro Caldelas, hoxe convertida nunha casa rural que leva o seu nome. Nesa vila, ubícase o Museo das Letras, en concreto, na torre da homenaxe do castelo (Castro Caldelas, 2012).

#### 4. Conclusións

Os resultados tirados das entrevistas da presente investigación demostran que na provincia case non se está a traballar no nicho de mercado turismo literario. Só as experiencias da Fundación Curros Enríquez parecen ir polo bo camiño. Nos demais casos, cada fundación traballa “por libre”, o que dificulta o desenvolvemento da actividade turística, a pesar de ter destacados recursos no que respecta ao patrimonio literario.

Cóntase con centros importantes (Ourense, Allariz, Trasalba e Celanova), podendo estes traballar cun nivel máis alto de coopearación e intentar chegar a acordos coas institucións públicas. No mesmo senso, tamén sería preciso fomentar a colaboración coas empresas privadas e, sobre todo, crear iniciativas independentes por parte das fundacións para incrementar beneficios. Estes espazos redúcense á unha actividade cultural e museística que non interactúa co turista.

Na meirande parte dos casos, as iniciativas parten da boa vontade de profesionais do ensino, que aproveitan os recursos que hai para mostrarllos ao alumnado. As fundacións dirixen as actividades a este público, esquecendo os potenciais turistas literarios. Faltan proxectos concretos para ofrecer non só ao público escolar, senón tamén ao público xeral e falta, sobre todo, a participación de profesionais do turismo no seu deseño.

O emprego das novas tecnoloxías soamente destaca na Ruta da Esmorga (conta cunha App). Polo demais, practicamente, non se utilizan cando o momento para este tipo de innovación non podía ser mellor. As rutas literarias poden ser organizadas a través de aplicacións de telefonía e GPS que son de fácil acceso e que se proporcionan a un baixo custe. Pódense configurar itinerarios literarios baseados en soportes dixitais para proporcionar mapas e os propios textos do autor (Carson *et al.*, 2013, p. 4).

No caso da cidade de Ourense, débense consolidar as rutas existentes e dar o impulso definitivo á Fundación Blanco Amor. A creación dun centro de recepción de visitantes debería ser outra actuación primordial. Dende un centro deste tipo, podería artellarse a información para o turista literario específico e xestionarse as actividades literarias/culturais non só da cidade, senón de toda a provincia.

Outra posibilidade é o deseño dunha ruta a través das Fundacións da provincia. Xunto a estas, deberíanse establecer vínculos coas outras casas-museo de escritores que existen en Galicia e norte de Portugal.

Cómpre colocar a provincia no mercado turístico nacional (e internacional) tamén dende unha perspectiva diferente ás habituais de turismo patrimonial, natural, termal etc., aproveitando o seu potencial literario. Para isto, necesítase definir o perfil dos posibles clientes destas ofertas, materia pendente nesta tipoloxía de turismo. Os “deseñadores” de espazos literarios teñen que responder a unha cuestión básica, é dicir, o que están buscando os turistas nas súas viaxes (Jia, 2009). Pero o turismo literario pode ser interesante para atraer o turismo de proximidade, dado que o mercado oficial inicial é o galego, polo que sería necesario comezar a traballar polo público máis próximo.

Existen exemplos de territorios que, grazas á literatura, lograron crear a súa identidade fomentando unha marca territorial que os diferencia do resto da competencia (Territorio y Marketing, 2013). En cambio, o concepto de turismo literario non está tan desenvolto nin explotado como outras tipoloxías. Unha temática tan particular ofrece unha innovación, unha especialización e un crecemento, moito maiores do que se está levando a

cabo na actualidade (Turismo Nebrija, 2013).

A creación de redes de negocios en torno a itinerarios literarios pode contribuír ao fortalecemento dunha rede ou dun destino turístico: estas poden aumentar o poder no proceso de toma de decisións por parte de asociacións culturais e sen fin lucrativos; permitir a creación de sinerxías entre a economía da “experiencia” e a do aloxamento e restauración, importante para atraer turistas e prolongar a súa estadia nun destino; e favorecer a creación dunha imaxe de marca que asocie o destino á cultura e literatura (Rijo de Carvalho, 2009, p. 93).

O desenvolvemento dun proxecto de turismo literario para Ourense, así como o posible desenvolvemento dunha oferta de servizos e actividades relacionadas permitirían a valorización do patrimonio cultural literario e a consecuente dinamización e revitalización social e económica da provincia (...) contribuíndo á creación de emprego tanto directo como inducido, a través da xeración de novos postos de traballo e da diversificación das actividades de ocio, na súa maioría inexistentes (Orjales Somoza, 2009, p. 139).

Dicía Marcos Valcárcel que entre “as liñas alternativas de turismo rural podemos subliñar unha das nosas potencialidades, baseada en dous recursos propios do noso país, pero polo de agora inéditas: conxugar a paisaxe e as letras galegas, isto é, ofrecer ao visitante a opción de descubrir as paisaxes galegas a través da carga emotiva que despertaron nos grandes escritores galegos e dalgúns núcleos culturais intimamente vinculados á biografía dos nosos máis destacados escritores” (1995, p. 67).

Así pois, a cultura e o turismo deberían aproximarse para crear redes de traballo nas que cada un exerza o seu papel. As fundacións e o profesorado coñecen as obras e vidas dos autores, pero deben ser os profesionais do turismo os que dinamicen e promocionen as actividades das casas-museo. De aí a necesidade dun traballo común, se realmente se quere potenciar o turismo literario en Ourense, tal e como se está a facer noutros lugares.

## BIBLIOGRAFÍA

- ABAD, P. (2003). El turismo rural en Galicia. Revista Galega de Economía, Vol. 12-2. En <http://www.usc.es/econo/RGE/benvidadg.htm> (galego e castelán)
- AGUSTÍN LACRUZ, M<sup>a</sup>.C.; GIMENO ARLAZÓN, B. (2014): “Rutas literarias”, *Diccionario Digital de Nuevas Formas de Lectura y Escritura*. Dispoñible en <http://dinle.eusal.es/searchword.php?valor=Rutas%20literarias>
- AMEIXEIRAS, D. (2014): “Ourense baseado en feitos reais”, *Luzes*, 7, pp. 44 – 52.
- ARANA PALACIOS, J. (2013): *Embarquen por la biblioteca*. Gijón: Ediciones Trea.
- ARIAS CHACHERO, P. (2011): *Trasalba, terra literaria*. Ourense: Fundación Otero Pedrayo.
- BEIGI, H.; HOSSEIN M.; AZANI, M. (2015): “Literary tourism and place identity of the central plateau of Iran”, *Journal of Biodiversity and Environmental Sciences* (JBES), 5 (6), pp. 309–406. Dispoñible en [http://www.academia.edu/11468316/Literary\\_tourism\\_and\\_place\\_identity\\_of\\_the\\_central\\_plateau\\_of\\_Iran](http://www.academia.edu/11468316/Literary_tourism_and_place_identity_of_the_central_plateau_of_Iran)
- BLANCO MARTÍN, E. (2014): La literatura como recurso turístico: los cafés literarios de Madrid. Valladolid: Universidad de Valladolid. Dispoñible en <http://cerro.cpd.uva.es/bitstream/10324/5451/1/TFG-N.11.pdf>
- BUSBY, G.; GEORGE, J. (2004): The Tailor of Gloucester: Potter meets Potter – literary tourism in a cathedral city. Plymouth: University of Plymouth. Dispoñible en [https://www.academia.edu/151663/The\\_Tailor\\_of\\_Gloucester\\_Potter\\_meets\\_Potter\\_-\\_literary\\_tourism\\_in\\_a\\_cathedral\\_city](https://www.academia.edu/151663/The_Tailor_of_Gloucester_Potter_meets_Potter_-_literary_tourism_in_a_cathedral_city)
- BUSBY, G.; KLUG, J. (2001): “Movie induced tourism: the challenge of measurement and other issues”, *Journal of Vacation Marketing*, 7 (4), pp. 316-332.
- BUTCHER-YOUNGHANS, S. (1993): *Historic House Museum. A practical handbook for their care, preservation, and management*. Oxford: Oxford University Press.
- BUTLER, R. (1986): Literature as an influence in shaping the image of tourist destinations. In Marsh, J.S. (ed.) *Canadian Studies of Parks, Recreation and Tourism in Foreign Lands* (pp.111-132). Peterborough, Canada: Department of Geography, Trent University.
- CAÑIZARES RUIZ, M. C. (2008): “La ruta de don Quijote en Castilla-La Mancha (España): Nuevo

- itinerario cultural europeo", *Nimbus: Revista de climatología, meteorología y paisaje*, nº 21 - 22, pp. 55 – 75. Disponible en <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2899589>
- CARSON, S.; HAWKES, L.; GISLASON, K.; MARTIN, S. (2013): "Practices of literary tourism: an Australian case study", *International Journal of Culture, Tourism and Hospitality Research*, 7 (1), pp. 42 – 50. Disponible en <http://eprints.qut.edu.au/76456/1/76456.pdf>
- CASADO NIETO, R. Mª (1990): "Placas conmemorativas orensanas", *Porta da Aira: revista de historia del arte orensano*, 3, pp. 67-209. <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2015556>
- FERREIRA, L.; AGUIAR, L.; PINTO, R. (2012): "Turismo cultural, itinerários turísticos e impactos nos destinos", *CulTur, Revista de Cultura e Turismo*, 2, pp. 109 – 126. Disponible en <http://www.uesc.br/revistas/culturaeturismo/ano6-edicao2/7.turismo-cultural.pdf>
- FRIEZA, L.; CASTRO, N.; PINA, S.; COKE, E.; QUINTEIRO, S. (2007): "Viagens com Manuel Teixeira Gomes", *Dos Algarves*, 16, pp. 8 – 15. En <http://www.dosalgarves.com/revistas/N16/2rev16.pdf>
- GÓMEZ, J.; QUIJANO, C. (1991). *Rutas e Itinerarios Tuísticos En España*. Madrid: Editorial Síntesis.
- GUISÁN, M.C., AGUAYO, E.(2009). Empleo e produción de Galicia en el período 2001-2008. Efectos de la industria y el turismo en los sectores de servicios. Revista Galega de Economía, Vol.18-2. En: <http://www.usc.es/econo/RGE/benvidag.htm> (galego y castelán).
- GUISÁN, M.C.(1990). Galicia 2000. Industria y Empleo. Servicio de Publicaciones USC. Disponible en: <http://www.usc.es/economet/galicia.htm>, <http://www.usc.es/economet/galicia2000.pdf>
- GUISÁN, M.C.(2013). Empleo e poboación nas provincias e comarcas de Galicia. Anexo D en GUISÁN, M.C., coordindora(2013). Empleo sectorial e participación social das mulleres en Galicia e Europa. Servicio de Publicacións USC. Resumen en: <http://www.usc.es/economet/galicia.htm>
- HENDRIX, H. (2014): "Literature and Tourism: Explorations, Reflections, and Challenges". En Quinteiro, S. e Baleiro, R. (2014): *Lit & Tour: Ensaíos sobre Literatura e Turismo*, pp.19 – 29. [http://www.academia.edu/8396510/Literature\\_and\\_Tourism\\_Explorations\\_Reflections\\_and\\_Challenges\\_2014](http://www.academia.edu/8396510/Literature_and_Tourism_Explorations_Reflections_and_Challenges_2014)
- HERBERT, D. (1995): *Heritage, Tourism and Society*. Londres: Pinter
- HERBERT, D. (2001): "Literary places, tourism and the heritage experience", *Annals of Tourism Research*, 28 (2), pp. 312 – 333. Disponible en <http://www.hyut.net/admin/files/Literary%20places.%20tourism%20and%20the%20heritage%20experience.pdf>
- HOPPEN, A. (2011): Literary places and tourism. A study of visitors' motivations at the Daphne du Maurier Festival of Arts and Literature. Bournemouth: Bournemouth University. Disponible en [https://www.academia.edu/4138112/Literary\\_Places\\_and\\_Tourism\\_-\\_A\\_study\\_of\\_visitors\\_motivations\\_at\\_the\\_Daphne\\_Du\\_Maurier\\_Festival\\_of\\_Arts\\_and\\_Literature](https://www.academia.edu/4138112/Literary_Places_and_Tourism_-_A_study_of_visitors_motivations_at_the_Daphne_Du_Maurier_Festival_of_Arts_and_Literature)
- HOPPEN, A.; BROWN, L.; FYALL, A. (2014): "Literary tourism: Opportunities and challenges for the marketing and branding of destinations?", *Journal of Destination Marketing & Management*, 3 (1), pp. 37 – 47. Disponible en <http://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S2212571X1400002X#>
- JAMES, B. (2013): "Role of literature in the sustainability of the tourism". Disponible en <https://bennykarinattu.wordpress.com/2013/08/23/role-of-literature-in-the-sustainability-of-tourism/>
- JIA, H. (2009): "The construction of literary tourism site", *Tourism. Case Study*, 57 (1), pp. 69 – 83. [http://www.google.es/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=1&ved=0CDYQFJAA&url=http%3A%2F%2Fhrcak.srce.hr%2Ffile%2F80800&ei=DV6bUvfGFLOy7Aal7oAY&usq=AFQjCNEVwUE5\\_r4y5qF6HMR0BDGZNz4jq&bvm=bv.57155469.d.ZGU](http://www.google.es/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=1&ved=0CDYQFJAA&url=http%3A%2F%2Fhrcak.srce.hr%2Ffile%2F80800&ei=DV6bUvfGFLOy7Aal7oAY&usq=AFQjCNEVwUE5_r4y5qF6HMR0BDGZNz4jq&bvm=bv.57155469.d.ZGU)
- LOZANO PLEGUEZUELOS, R. (2013): "Turismo Literario Hispánico y su influencia en el interés por el español". *Estudios Hispánicos en el siglo XXI*. Belgrado: Universidad de Belgrado. Disponible en <http://www.fil.bg.ac.rs/lang/sr/katedre/iberijske-studije/estudios-hispanicos-en-el-siglo-xxi/>
- MAGADÁN DÍAZ, M.; RIVAS GARCÍA, J. (2011): *Turismo literario*. Oviedo: Septem Ediciones.
- MALHOTRA, N. K. (1997): *Investigación de Mercados. Un enfoque práctico*. México: Prentice-Hall.
- MIQUEL PERIS, S.; BIGNÉ ALCAÑIZ, J. E.; LÉVY, J. P.; CUENCA BALLESTER, A. C.; MIQUEL ROMERO, M. J. (1997): *Investigación de Mercados*. Madrid: McGraw-Hill.
- ORJALES SOMOZA, A. (2009): "Aproximación al turismo literario en las distintas rutas jacobeanas: turismo literario en la Ruta del Norte". *III Edición Becas de Investigación. Caminos Jacobeos*. pp. 97-144. Disponible en <http://www.camaracompostela.com/caminos/b2010.pdf>
- PILLET CAPDEPÓN, F. (2014): "El paisaje literario y su relación con el turismo cultural", *Cuadernos de Turismo*, 33, pp. 297 – 309. Disponible en



<http://revistas.um.es/turismo/article/view/195751/160451>

QUINTEIRO, S.; BALEIRO, R. (2014): "Uma personagem à procura da literatura: A ficção literária e a prática turística", *Dos Algarves*, 24, pp.9–27. <http://www.dosalgarves.com/revistas/N24/2rev24.pdf>

RIBEIRO DE ABREU, J. F. (2012): A Ilha da Madeira pela mão dos seus poetas – Construção de um roteiro literário. Universidade da Madeira.

RIJO DE CARVALHO, I. C. (2009): Turismo literário e redes de negócios. Passear em Sintra com Os Maias. Abeiro: Universidade de Abeiro. Disponível em <http://ria.ua.pt/handle/10773/1691>

ROBINSON, M.; ANDERSEN, H. C. (2002): "Reading between the lines. Literature and the creation of touristic spaces". En ROBINSON, M. e ANDERSEN, H. C. *Literature and tourism -essays in the reading and writing of tourism*. pp. 1 – 38. Londres: Thomson.

RUIZ SCARFUTO, R. (2013): "Literary Routes: Contributions to Natural/Cultural Heritage Tourism. How Landscape Transforms Literature and Tourism", *AlmaTourism*, 4 (8). Disponível em <http://almatourism.unibo.it/article/view/4016/3468>

SEATON, A. V. (1999): "Book town tourisms and rural development in peripheral Europe", *International Journal of Tourims Research*, 1 (5), pp. 389 – 399.

SIERRA LÓPEZ, A. (2011): Métodos cualitativos de investigación en turismo. Método Delphi. Disponível em <https://es.scribd.com/doc/46910113/Metodos-Cualitativos-de-Investigacion-en-Turismo-Metodo-Delphi>

SMITH, Y. (2012): Literary tourism as a developing genre: South Africa's potential. Pretoria: University of Pretoria. Disponível em <http://repository.up.ac.za/handle/2263/29043?show=full>

SOLDEVILA I BALART, L.; DE SAN EUGENIO VELA, J. (2012): "Geografía literaria dels Països Catalans. El cas de la comarca d'Osona", *AUSA*, XXV, 170, pp. 979 – 1001.

SQUIRE, S. (1993): "Valuing countryside: reflections on Beatrix Potter tourism", *Area*, 25, pp. 5 – 10.

SQUIRE, S. (1996): Literary Tourism and Sustainable Tourism: Promoting 'Anne of GreenGables' in Prince Edward Island, *Journal of Sustainable Tourism* 4 (3), pp.119-134.

UCCELLA R., F. (2013): *Manual de patrimonio literario. Espacios, casas-museo y rutas*. Gijón: Ediciones Trea.

VALCÁRCEL, M. (1995): *A cidade da Xeración Nós*. Ourense: Caixa Galicia.

VALCÁRCEL, M. (2001): *Ourense, craro río, verde val. A cidade na voz dos seus poetas*. Ourense: Concello de Ourense/Concellaria de Cultura.

VALCÁRCEL, M. (2004): "Ourense, universo literario", conferencia inaugural de XXI Galeusca: Ourense – Allariz. [http://www.aelg.org/resources/galeuscas/Ourense Allariz 04/Textos/Marcos Valcarcel.pdf](http://www.aelg.org/resources/galeuscas/Ourense%20Allariz%2004/Textos/Marcos%20Valcarcel.pdf)

WATSON, N. J. (2006): *The literary tourist*. Basingstoke: Palgrave Macmillan.

WESTERS, M. (2008): El turismo literario: ¿peregrinación moderna? La imagen y el papel de Barcelona en La sombra del viento de Carlos Ruiz Zafón. <http://dare.uva.nl/cgi/arno/show.cgi?fid=107206>

#### Prensa e outras fontes

CASTRO CALDELAS (2014): <http://www.castrocaldelas.es/> [02/10/2014]

CONCELLO DE OURENSE (2014): <http://www.ourense.es/portalOurense/home.jsp> [02/10/2014]

CONCELLO DO BARCO (2014): <http://www.concelloodobarco.org/> [11/10/2014]

CRITICALIA (2014): <http://armandorequeixo.blogaliza.org/> [08/11/2014]

EDITORIAL GALAXIA (2014): <http://www.editorialgalaxia.es/> [08/11/2014]

EL BLOG DE KARKALLON (2014): <http://karkallon.blogspot.com.es/> [15/11/2014]

FUNDAÇÃO EÇA DE QUEIRÓZ (2015): <http://www.feq.pt/> [29/04/2015]

FUNDACION CURROS ENRÍQUEZ (2014): <http://www.currosenriquez.es/> [13/12/2014]

FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO (2014): <http://fundacionoteropedrayo.org/> [13/12/2014]

MINTEL (2015): <http://reports.mintel.com/> [14/02/2015]

OURENSE CULTURA (2015): <http://ourensecultura.com/> [14/02/2015]

RUTEA GUÍAS (2015): <http://www.rutea.es/> [21/02/2015]

TERRITORIO Y MARKETING (2015): <http://www.territorioymarketing.com/> [21/02/2015]

TURISMO NEBRIJA (2015): <http://blogs.nebrija.es/> [07/02/2015]

TURISMO OURENSE (2015): <http://www.turismoourense.com/> [07/02/2015]

USC (2015): <http://www.usc.es/> [07/03/2015]

Anexos en: Revista Galega de Economía: <http://www.usc.es/econo/RGE/benvidad.htm>

## Anexos

**A1. O CONCEPTO DE TURISMO LITERARIO**

A existencia do turismo literario remóntase a finais do século XVI, asociado ao *Grand Tour*, pero o interese de académicos e profesionais no ámbito do turismo na creación de itinerarios literarios só xurdiu nas últimas décadas. Estes foron aumentando e mellorando o crecemento no interese polo turismo literario. A UNESCO elaborou unha listaxe de Cidades da Literatura expoñendo así un relevante interese neste tipo de turismo (Quinteiro *apud* James, 2013).

Sitúase nas primeiras décadas do século XIX o momento en que algúns escritores se converten en estrelas mediáticas. Existen varias razóns para que isto ocorra. O abaratamento do prezo do papel, os avances tecnolóxicos nas imprentas, o desenvolvemento do correo postal e a incipiente rede de ferrocarrís, unido á existencia dun público lector cada vez máis amplo, permitiron facer grandes tiradas dalgunhas nove las e libros de poemas que converteron os seus autores en celebridades (Arana Palacios, 2013, p. 21).

Na época vitoriana, púxose de moda visitar o lugar de nacemento, o cemiterio onde estaban os restos ou a casa onde vivira o autor admirado. Xunto á explicación sociolóxica, Nicola J. Watson apunta outras dúas non menos importantes. Segundo a primeira delas, a orixe do turismo literario sería efecto do auxe dos nacionalismos que, neses albores do movemento romántico, co culto a determinados autores, está buscando asentir un canon literario nacional. Segundo a outra explicación, o fenómeno xorde cando se produce un declive das prácticas relixiosas. Non é raro, por tanto, que os peregrinos literarios reproduzan moitos dos rituais dos peregrinos relixiosos, incluídos a viaxe aos santos lugares e a procura e adoración de reliquias (Arana Palacios, 2013, p. 21).

Sobre as definicións de turismo literario, Squire (1996) di que é aquel que se asocia con lugares utilizados para as representacións literarias e/ou conectados coas figuras literarias (*apud* Orjales Somoza, 2009, p. 24).

Marlies Westers (2008) sostén que o turismo literario é unha forma nova do turismo. Significa que o turista visita os lugares que son importantes para unha novela e/ou para un escritor e destaca que unha certa forma de comercialización entra no turismo literario porque para moitas rutas acompañadas hai que pagar. O mercado turístico responde o *hype* (despregue publicitario) da novela e ve un xeito de gañar diñeiro grazas aos lectores curiosos. Así iníciase unha nova forma do turismo comercial que é o turismo literario.

Magadán e Rivas (2011) inclúeno como unha modalidade de turismo cultural na que os turistas se dedican a visitar os lugares nos que se poden ver elementos -casas, museos, cafeterías etc.- ou onde se poden levar a cabo actividades que repercutiron en obras importantes ou en autores consagrados.

Para Smith (2012), existen outras manifestacións da literatura, como obras de teatro, festivais, firmas de libros e cursos de escritura creativa que poden incluírse neste ámbito. Así, sería oportuna unha definición máis ampla do turismo literario como unha forma de turismo cultural que implica viaxar a lugares e eventos asociados con escritores, obras, representacións literarias e a escritura de literatura creativa.

Arana Palacios (2013, p. 31) fala de "viaxe literaria" e defínea como aquela que se emprende ben seguindo as pegadas dun autor, ben tratando de recoñecer os escenarios reais descritos nas obras; sabendo, naturalmente, que a miúdo ao viaxeiro interésalle tanto o primeiro como o segundo. Por outra parte, o que se coñece como "literatura de viaxes" corresponderíase cunha clasificación do texto literario. Na viaxe literaria a figura principal é o viaxeiro (Quinteiro e Baleiro, 2014).

Na categoría "literatura de turismo", creada por Harald Hendrix en 2014 (*tourist literature*), inclúense os textos literarios que acrecentan valor turístico a un lugar, o que,

pola súa vez, orixina unha práctica turística. Neste sentido, clasificarase como literatura de turismo calquera obra literaria que promova o turismo literario. O protagonista, neste caso, é o turista (Quinteiro e Baleiro, 2014).

O turismo literario ten como característica especial que non só proporciona diversión, senón que tamén engade información e coñecemento, polo que resulta ser unha combinación de entretemento e educación (Beigi, Hossein e Azani, 2015, p. 402).

En canto ás formas de turismo literario, Butler (*apud* Orjales Somoza, 2009) identificou catro proposicións sobre turismo literario e a proposta dunha quinta forma:

- 1.-Homenaxes cara a un escritor ou unha obra, cando se trata dun lugar real
- 2.-Lugares significativos para o mundo da ficción
- 3.-Zonas que se nomean en obras literarias
- 4.-A literatura gaña popularidade cando a zona por si soa se converte en destino turístico
- 5.-Publicacións de viaxes

Ao analizar as razóns polas que a xente visita un sitio literario, tamén a nostalxia está ben documentada (Herbert, 1995, 2001; Squire, 1993, 1996; Robinson e Andersen, 2002). Esta reflicte as sensibilidades culturais máis profundas, un nivel no que os espazos turísticos creados a partir da literatura transmiten significados que existen máis alá do texto, pero que son fundamentais para a nosa comprensión cultural do turismo literario (Robinson e Andersen 2002 *apud* Busby e George, 2004, p. 7). Así, Busby e George (2004, p. 8) propoñen unha sexta forma de turismo literario, a de “nostalxia”. Paradoxalmente, un dos impulsos que poden animar a poñerse en camiño ao viaxeiro literario é a nostalxia das cousas que non se viviron (Arana Palacios, 2013, p. 18).

En Busby e Klug (2001) a sexta forma de turismo literario é o “turismo literario inducido por una película” (Hoppen, Brown e Fyall, 2014, p. 41). A película serve como medio que re-populariza obras literarias e destinos e pode facer que a literatura sexa máis atractiva para o gran público (Hoppen, Brown e Fyall, 2014, p. 41). O propio turismo literario chegou a masificar ao asociarse a *best-sellers* mediante a aparición de itinerarios creados ao redor desas obras e das súas adaptacións ao cinema (Quinteiro e Baleiro, 2014, p. 17).

Moitos dos estudos de turismo cinematográfico evocan lugares retratados en obras nas que hai unha fusión entre esta tipoloxía de turismo e turismo literario, tales como *O Código Da Vinci* (Dan Brown), *Harry Potter* (J.K. Rowling) e *Orgullo e Prexuízo* (Jane Austen). Polo tanto, a fusión entre turismo literario e cinematográfico poderá contribuír a unha maior divulgación dun destino (Rijo de Carvalho, 2009, p. 25).

Así, con esta modalidade de turismo, a partir dun evento literario cunha finalidade cultural e turística, iníciase un proceso que permite poñer en valor un determinado territorio (Cañizares Ruiz, 2008, p. 59). A partir do fenómeno literario, hai unha proposta de redescubrimento de aldeas, cidades e comarcas, de recuperación e fixación na memoria de espazos, lugares, casas, monumentos, edificios patrimoniais ou lugares míticos que foron o centro de interese dos nosos escritores (Balart e Vela, 2012, p. 979). A popularidade dun destino turístico dependerá dunha fermosa paisaxe, das instalacións e da medida en que o lugar estea dispoñible para os turistas (Beigi, Hossein e Azani, 2015, p. 402).

Pero o turismo literario non só se explota en grandes capitais e famosas cidades, xa que existen outros lugares no mundo de menor tamaño e pouco coñecidos, nos que a actividade turística se basea fundamentalmente na literatura (Blanco Martín, 2014, p. 9).

Isto significa que nun mercado emerxente de voraz competencia entre territorios, tense a oportunidade de aproveitar este feito diferencial para crear un novo produto que nos distingua dos demais. Esta diferenciación pódese facer de xeito ameno se se relacionan os

espazos urbanos, rurais, museísticos, os ligados con feitos históricos etc., con fragmentos literarios que os revivan. En fin, con todo o que de humano ten calquera paisaxe, inclusive a patrimonial e a arquitectónica (Balart e Vela, 2012, p. 983).

## A2. O PATRIMONIO LITERARIO

O libro, en todas as súas dimensións, forma parte da idea de cultura. É algo evidente e incuestionable, agás para a tradicional visión do turismo cultural. É importante que se subliñe o valor social do patrimonio cultural literario para favorecer a súa protección e fomentar o seu uso e gozo polos visitantes dun destino (Magadán e Rivas, 2011, p. 11).

Dende a época clásica ata os nosos días, as obras consideradas como representativas da cultura e identidade dunha comunidade fóronse convertendo en bens que protexer, clasificar e promover. Transformar a literatura e o seu contexto en patrimonio conleva a idea de salvagarda, tal e como acontece co patrimonio cultural inmaterial. Nos últimos anos, déronse as condicións para que isto ocorra tamén co patrimonio literario grazas á aparición dunha multiplicidade de lugares literarios que permiten seguir as pegadas de autores e obras ao longo das súas xeografías literarias (Uccella, 2013, p. 14).

Así, dentro do turismo cultural e do turismo literario manéxase o concepto de "patrimonio literario" como *"el conjunto de elementos, tanto materiales como inmateriales, relativos a la escritura y a la literatura entre los cuales encontramos en primer lugar el libro (...), junto al legado de escritores e instituciones relacionadas con la literatura: manuscritos, bibliotecas, archivos, centros de interpretación, casas-museo, obras literarias, objetos inherentes a la vida de todos los autores, sean canónicos o no, considerados como representativos de una determinada colectividad"* (Uccella, 2013, p. 11).

A complexidade existente entre o mundo do libro e o patrimonio cultural radica en que hai elementos dese mundo literario que están asociados ao patrimonio cultural tanxible (casas-museo, obras incunables, manuscritos etc.) e outros que conectarían co patrimonio cultural intanxible (contidos, tradicións, representacións etc.) (Magadán e Rivas, 2011).

Cómpre destacar a importancia dos lugares/espazos literarios nos que transcorreu a vida do autor ou polos que deambularon os personaxes das novelas porque poden servir de inspiración para visitalos e coñecer máis sobre eles (Uccella, 2013, p. 19).

Segundo Uccella, son lugares literarios *"la casa donde un autor nació, vivió, murió o ambientó algunas de sus narraciones; el espacio donde el autor habitualmente escribía (...); una plaza o una calle donde hay un monumento o una placa que recuerden a un escritor o a sus personajes; las tumbas de los autores; cualquier espacio -urbano o natural- donde se desarrolle la acción narrada en un libro o que haya servido de inspiración"* (2013, p. 23).

A patrimonialización literaria destes lugares realízase a través de monumentos, placas ou outras intervencións e é posible sempre que haxa un contorno que suxira unha conexión profunda (ou percibida como profunda), entre lector e autor (Uccella, 2013).

A conexión entre os diferentes lugares literarios orixina xeografías ou paisaxes literarias que, igual cós espazos, son practicamente infinitas. O entramado xerado por estes puntos ten a súa máis efectiva representación nos mapas literarios. Estes son moi útiles no caso en que un lector queira profundizar o seu coñecemento sobre un autor ou queira percorrer a súa xeografía persoal, polo que o seu uso é indispensable no proceso de elaboración de proxectos de patrimonialización literaria (Uccella, 2013).

Os mapas poden xuntarse nun específico atlas literario. As posibilidades de estudo e ocio ofrecidas polos atlas vense incrementadas polas novas tecnoloxías. Na actualidade, o uso xeneralizado dos dispositivos móbiles e das tecnoloxías da información, unido ao desenvolvemento de precisas ferramentas de *software* de posicionamento e xeolocalización, incrementaron a oferta deste tipo de viaxes (Agustín e Gimeno, 2014).

Entre os lugares literarios máis fáciles de atopar están as casas dos escritores, que

constitúen unha das tipoloxías de casas museizadas, creadas para conservar a memoria de persoas ilustres. Nunha clasificación das casas-museo literarias atópanse as de tipo “documental” (dedicadas a escritores, documentan un estilo, unha época ou unha maneira de vivir) e as “representativas” e “estéticas” (onde se exhibe unha colección privada que non ten nada que ver coa casa en si) (Butcher-Youngmans *apud* Uccella, 2013, p. 46).

Hai outras (as literarias non museizadas) que non foron transformadas en casas-museo, aínda que na maioría dos casos se levara a cabo algunha iniciativa para valorizalas. Nalgunhas delas, na fachada, colocouse unha placa para lembrar o vínculo entre o personaxe e o edificio; o lugar indícase nunha guía turística ou mesmo constitúe o punto dunha ruta literaria. A súa patrimonialización considérase externa porque non se pode entrar a visitar a casa (Uccella, 2013, p. 55).

Outra tipoloxía de casas-museo é a casa de personaxes ficticios. Xeralmente son as casas de personaxes coñecidos, protagonistas de novelas e contos importantes. A súa característica fundamental é que son casas totalmente artificiais (Uccella, 2013, p. 61).

En España, existe unha asociación de casas-museo de escritores, ACAMFE que, conscientes do auxe deste turismo cultural e literario, está levando a cabo un importante labor de renovación e de acercamento destes espazos literarios aos lectores e ao público en xeral (Arana Palacios, 2013, p. 90).

Pero a presenza dos escritores sobre o territorio faise máis efectiva a través das rutas literarias. Estas naceron a finais do século XVIII, acadando unha centuria despois un grande esplendor. Na segunda metade do século XX, este tipo de viaxes relacionouse coas prácticas de turismo cultural vinculado ao gozo do patrimonio e a súa expansión foi paralela ao desenvolvemento do turismo de masas (Agustín e Gimeno, 2014).

Uccella define ruta literaria como o itinerario que une “*diferentes puntos, correspondientes a otros tantos lugares literarios; (...) Los lugares que constituyen sus etapas se identifican gracias al estudio de las obras y de la biografía de uno o más autores*” (2013, p. 69).

Por itinerario enténdese “*a descrição de um caminho ou rota que especifica os lugares por onde passa e vai propondo uma série de actividades e serviços no decurso do passeio*” (Gómez e Quijano (1991) *apud* Ferreira, Aguiar e Pinto, 2012, p. 117). *No entanto, muitos autores criticarem o trabalho feito nos itinerários literários, por estes não transcrevem a realidade dos livros tal como é, pois os itinerários não podem esquecer que a sua missão é satisfazer os visitantes de determinado destino turístico* (Ribeiro de Abreu, 2012, p. 37). *O turismo literário é feito visando o lucro e é com esse objectivo presente que os itinerários literários são elaborados e idealizados*” (Ribeiro de Abreu, 2012, p. 38).

As rutas literarias funcionan mellor cun centro físico para orientar os visitantes a un punto de destino inicial; ademais, as web poden subministrar material de apoio. Estes centros de interpretación poden orientar e educar os turistas literarios, e promover eventos de aniversario da literatura ou os intercambios culturais. Esta forma de atraer os visitantes a un punto central de partida pode cultivar a sensibilidade cara á zona e aos seus habitantes locais con exposicións que combinan a información e emocionais enlaces a través de presentacións artísticas. O contacto real entre a poboación local e os visitantes é a clave para o diálogo e a sustentabilidade dun patrimonio ou ruta (Ruiz Scarfuto, 2013, p. 14).

O certo é que o turismo literario toma moitas outras formas e propostas. Non só existen rutas a pé, senón en bicicleta ou en coche, visitas teatralizadas, rutas nocturnas, aloxamentos en casas rurais, menús literarios, contacontos, fundacións, museos, casas natais ou incluso tumbas que poden despertar un interese especial nos afeccionados á literatura (Lozano Pleguezuelos, 2013). A todo isto, debería sumarse outras formas novas de turismo literario como son os festivais literarios e o turismo de libraría (Intel, 2011). Neste contexto, Seaton (1999) sinala o importante papel das *book towns* (vilas do libro)

no turismo rural, en referencia ao exemplo de Hay on Wye, que é recoñecido como un centro para as librarías e acolle o anual *Hay Festival of Literature and the Arts*. Herbert (2001, p. 313) suxire que os lugares literarios non son simples accidentes da historia, lugares de nacemento ou morte dun escritor; tamén son construcións sociais, creadas, amplificadas e promovidas para atraer visitantes, o cal pode lograrse mediante a creación dun festival literario (Hoppen, Brown e Fyall, 2014, p. 42).

En Mintel (2011, p. 34) dise que os turistas de librerías son as persoas que, cando viaxan, seguen o rastro das librarías locais para buscar títulos relacionados co destino que visitan (guías, mapas literarios, rutas literarias etc.) ou para buscar libros escritos por autores locais (Hoppen, Brown e Fyall, 2014, p. 42). A demanda destas publicacións literarias que ofrecen as pequenas librarías especializadas vai en aumento. Isto indica tamén o estado dos libros como unha peza de colección cunha vida máis alá da que eles gozan cando son novos no mercado (Robinson e Andersen, 2002 *apud* Hoppen, Brown e Fyall, 2014, p. 42). Ademais, están os lugares que os escritores visitaban ou frecuentaban, os *writer's haunts* (refuxios/guarnidas de escritores). Numerosos hotéis, pousadas, pubs e restaurantes que foron anfitrións de famosas figuras literarias, promóciónanse a través desta asociación literaria, ou promóvense a través dela nas guías de viaxe (Smith, 2013, p. 137).

### A3. Expertos consultados

Táboa A1. Expertos consultados

Código	Entrevistado	Profesión	Ruta / Fundación	Lugar
E1	-José Ramón Gómez	-Guía turístico	-Concello (A esmorga -Ruta Literaria Específica)	-Ourense
E2	-Afonso Monxardín	-Docente	-A esmorga -Carlos Casares	-Ourense
E3	-Rosa Dorado	-Guía turístico	-Empresa Visit Ourense	-Ourense
E4	-Luís Martínez Risco	-Docente	-Fundación Vicente Risco	-Allariz
E5	-Patricia Arias Chachero	-Docente	-Fundación Otero Pedrayo	-Amoeiro
E6	-Luis Gulín	-Axente emprego UNED	-Graham Greene	-Ribadavia
E7	-Antón Piñeiro	-Técnico cultural	-Fundación Curros Enríquez -Poemas na rúa	-Celanova
E8	-Delfín Caseiro	-Inspector educación	-Escritores da Limia	-A Limia
E9	-Pepe Domínguez	-Xornalista	-Ruta Romasanta	-Macizo Central
E10	-Sandra Melo	-Técnica cultural	-Fundação Eça de Queiroz	-Tormes (Portugal)

#### **A4. Impacto positivo do turismo no desenvolvemento das comarcas de Galicia e Ourense**

Os estudos económicos de desenvolvemento territorial, mostran o importante impacto positivo que a industria e o turismo teñen sobre o desenvolvemento da produción e o emprego nos demais sectores produtivos, especialmente nos sectores de servizos. As políticas económicas de desenvolvemento provincial e comarcal deben ter en conta estes importantes efectos, o que aconsella unha maior atención ao sector turístico en moitas comarcas onde devandito impulso é moi conveniente para evitar diminución do emprego e da poboación.

No caso de Galicia e das súas comarcas son de interese, en relación co desenvolvemento demográfico e o turismo, os artigos publicados na Revista Galega de Economía por Abad(2003) e Guisán e Aguayo(2009), entre outros, e os libros de Guisán(1990) e Guisán, Aguayo e Expósito(2013), nos que se analizan datos comarcais e provinciais.

A provincia de Ourense e a maioría das súas comarcas perderon poboación nas últimas décadas, como se mostra nos devanditos estudos e son de gran interese as iniciativas, como o turismo literario, que impulsen o emprego e o desenvolvemento económico e social.